

## O galo e a galiña de Santo Domingo da Calzada



Galo

No interior da catedral de Santo Domingo da Calzada (A Rioxa) consérvase un insólito galiñeiro de pedra gótica, no que viven e cacarean un galo e unha galiña. Mantense así o recorde do “*milagre do aforcado desaforcado*”...

Conta a tradición que entre os moitos peregrinos composteláns que fan alto nesta cidade para venerar as reliquias de Santo Domingo da Calzada, chegou aquí un matrimonio alemán co seu fillo de dezaoito anos chamado Hugonell, procedente de Ad Sanctos (Alemaña).

A moza do mesón onde se hospedaron namorouse do mozo Hugonell, pero ante a indiferenza do raparigo, decidiu vingarse. Meteu unha copa de prata na equipaxe do mozo e cando os peregrinos seguiron o seu camiño, a rapariga denunciou o roubo ao Corrixidor.

As leis de entón (Foro de Afonso X o Sabio) castigaban con pena de morte o delito de roubo e unha vez foi prendido e xulgado, o inocente peregrino foi aforcado.

Ao saír os seus pais camiño de Santiago de Compostela, foron ver ao seu fillo aforcado e, cando chegaron ao lugar onde se atopaba, escoitaron a voz do fillo que lles anunciaba que Santo Domingo da Calzada conservoulle a vida. Foron inmediatamente a casa do Corrixidor da Cidade e contáronlle o prodixio.

Incrédulo o Corrixidor contestou que o seu fillo estaba tan vivo como o galo e a galiña que el se dispuña a comer. Nese preciso instante o galo e a galiña saltando do prato puxéronse a cantar.

E desde entón din os famosos versos:

*“Santo Domingo da Calzada  
onde cantou a galiña logo de asada”*

En recorde deste suceso mantéñense na catedral un galo e unha galiña vivos durante todo o ano. Sempre son de cor branca e proceden de doazóns de devotos do Santo, cambiándose as parellas cada mes. O resto do tempo permanecen nun galiñeiro que a Confraría de Santo Domingo mantén no seu domicilio social.

Fronte ao galiñeiro que se construíu cara a 1445 e debaixo dunha fiestra románica consérvase un anaco da madeira da forza do peregrino.

### COMPRESIÓN DO TEXTO

1. Onde está Santo Domingo da Calzada?
2. Que hai no interior da catedral de Santo Domingo da Calzada?
3. De onde era o mozo?
4. Que fixo a moza do mesón?
5. A que foi condeado o mozo?
6. Que ocorreu cando os pais foron ver ao fillo aforcado?
7. Que lle pasou ao polo que estaba comendo o xuíz?
8. De que cor son o galo e a galiña?
9. Cada canto tempo se cambia a parella?
10. Que se conserva debaixo dunha fiestra románica?

